



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 27 de febreiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2019.
2. Concédese licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar de planta semisoto e baixa sita en Lugar de Macenlle, nº 41, Marín.
3. Iníciase o expediente de contratación das obras de “Instalación de ascensor exterior a Museo Municipal Manuel Torres” mediante procedemento aberto simplificado, modalidade abreviada, cun orzamento base de licitación de 50.594,46 euros, sen IVE.
4. Dáse conta da concesión de subvención ó Concello de Marín, por importe de 47.190 euros, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
5. Solicítase subvención á Secretaría Xeral da Igualdade para a promoción da igualdade do Programa de apoio aos CIM e o Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Subsánase o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/02/2019, de solicitude de subvención para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da RISGA, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, modificando a duración do contrato a nove meses e, en consecuencia, os custos salariais totais, que ascenden a 133.960,50 euros.
2. Concédese licenza de obras de construción de muro de contención de pedra en Lugar Oubiña, s/n, Sta. M<sup>a</sup> do Campo, Marín.
3. Apróbase definitivamente o proxecto de urbanización “Paseo Marítimo Alcalde Blanco en Marín. Pontevedra”, dentro da Estratexia DUSI Marín 2020, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.
4. Apróbase a Oferta de Emprego Público do Concello de Marín para o exercicio 2019.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300028FC300Q4V5S7T1G1Q2 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20190167875</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 11/03/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2019 10:09:43	Fecha: 11/03/2019 Hora: 10:09

